



***Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza***

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*

*Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)*

**Achegas de ADEGA ao Documento de Inicio do Plano Enerxético de Galiza na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica**

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-X, Secretario Executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, apresenta ao Documento de Inicio do Plano Enerxético de Galiza na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica as seguintes

**SUXESTIÓNS**

**Encol dos OBXECTIVOS enunciados do Plano Enerxético:**

**1. Sobre os produtos refinados do petróleo**

Parécenos acaído incidir na eficiencia dos procesos de refino cara un menor impacto sobre o ambiente dos produtos derivados do petróleo. No entanto, unha maior eficiencia nos procesos e o feito de que en Galiza os custos de transporte e distribución dos produtos petrolíferos son menores que noutras comunidades do estado, debería mover a administración autónoma a intervir sobre os prezos para reorientar a marxe impositiva e adicar unha parte do recadado a iniciativas de interese público, nomeadamente de carácter ambiental (“céntimo ecolóxico”, por exemplo), alén do “céntimo sanitario”.

**2. Sobre a xeración de electricidade**

Galiza exporta preto dun 40% da enerxía eléctrica xerada no seu territorio. Por iso, deseñar un horizonte de incremento da potencia de xeración nuns 5.000 MW, anque sexa a base de fontes renovábeis, fundamentalmente enerxía eólica, colide cun dos principios da sustentabilidade na xestión dos recursos: a auto-suficiencia. Coidamos máis acaída unha planificación enerxética na que o control sobre a demanda, o aforro e a eficiencia contribúan a desvencellar o crecemento económico do incremento da produción e consumo de enerxía. Neste horizonte, as fontes renovábeis deben, efectivamente desempeñar un papel fundamental, mais non unicamente como complemento ou engadido ás fontes non renovábeis: débese incidir no seu carácter de *alternativas*, ao carbón, derivados do petróleo

e tamén gas natural. Neste senso, parécenos prioritario deseñar un modelo enerxético no que a alternatividade sexa un dos piares básicos, pondo en marcha programas de substitución efectiva de quilovatios “suxos” por limpos. Neste horizonte, o gas natural debería servir de ponte cara un maior protagonismo das enerxías renovábeis no “mix” enerxético.

### **3. Transporte e distribución de electricidade**

O transporte e distribución da enerxía eléctrica dende as zonas de produción até as de consumo pode supoñer a perda por disipación calorífica e electromagnética dunha importante porcentaxe de enerxía. Galiza, un país exportador de enerxía eléctrica, ve ademáis como unha parte importante dos seus recursos enerxéticos evacúase fóra através da rede eléctrica estatal. Insistindo nos principios de suficiencia e e eficiencia enerxética, coidamos que é prioritario millorar a calidade da rede de distribución galega, para beneficiar ás empresas do país e a unha cidadanía que en pleno século XXI ten que aturar situacións terceiromundistas no tocante á calidade da subministración, propiciadas pola falta de investimentos do monopolio local. Os repetidos fracasos dos planos MEGA, deben mover á administración a facer especial énfase en millorar a rede de distribución galega artellando mecanismos (excluídas as subvencións) para obrigar ao monopolio local a asumir os seus compromisos contractuais cunha cidadanía que fica indefensa fronte ás arbitrariedades e incumprimentos de FENOSA. Neste senso, deberíase estudar a posibilidade de que, paralelamente ao incremento da participación pública nas empresas produtoras, aumentara tamén a presenza da administración no sector da distribución de electricidade.

### **4. Gas natural**

A administración debería contemplar dentro deste Plano Enerxético e nun horizonte a medio prazo, un proxecto orzamentado e temporalizado para o traslado da planta regasificadora de Reganosa en Mugar dos ao seu primitivo emprazamento fóra da ría de Ferrol. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e a posíbel ratificación por parte do Supremo do Estado, obrigarán a replantexar o futuro de Reganosa non en termos de viabilidade, senón no tocante ao impacto ambiental e risco social derivado da actual ubicación das instalacións. ADEGA coida que actual administración galega debería desfacerse da hipoteca que supón este proxecto e non asumir pasivamente os riscos que comportan para o ambiente e a cidadanía unhas instalacións froito dunha planificación escurantista, interesada e trufada de irregularidades. Pensar en aumentar a actual capacidade da regasificadora até os 825.600 Nm<sup>3</sup>/h de GNL, manténdoa na súa actual situación, representa multiplicar o trafego de buques pola boca da ría e consecuentemente o risco de accidente nunha área de afección habitada por centos de milleiros de persoas.

A respecto da previsión dun incremento de consumo de gas nun 4,7%, voltamos a subliñar que para ADEGA o gas natural é un estadio intermedio, unha solución de transición que debe permitir ir reducindo a aportación do carbón e os derivados do petróleo no “mix” enerxético.

### **5. Enerxías renovábeis**

A promoción das enerxías renovábeis debe ir acompañada dun plano de redución e abandono das fontes finitas e máis contaminantes, de xeito que alén de renovábeis, estas enerxías limpas actúen efectivamente como alternativas.

Sobre a enerxía eólica, ADEGA acaba de presentar as suxestións ao novo Plano Sectorial eólico que inciden na cuestión da alternatividade, a socialización dos seus beneficios e a exclusión das zonas com protección ambiental, alén dun programa complementar de desmontaxe e/ou repotenciamento dos parques máis agresivos.

Encol da hidráulica, deberíase incidir na revisión dalgunhas concesións de “minicentraís” feitas ao abeiro do anterior Plano Sectorial Hidroeléctrico que por estaren situadas en espazos de alto valor natural, por seren aprobadas con estudos e declaracións de impacto pouco rigorosas, ou por exercer unha elevada presión sobre os recursos hidráulicos locais, merecen resgatarse ou declararse a súa caducidade. Nesta nova planificación hidroeléctrica deberíase ter en conta o recollido na Lei 5/2006 para a Protección, Conservación e Mellora dos Ríos Galegos. Polo que atinxe á grande hidráulica, ADEGA propón, ao igual que para a mini-hidráulica, a paralización efectiva da construción de novas instalacións e a inclusión neste Plano Enerxético un estudo de viabilidade económico-ambiental que contemple a medio prazo a retirada dalgunha das instalacións máis agresivas ou daquelas que non resposten a razóns de interese xeral na xestión do dominio público hidráulico, consonte o establecido na Directiva 2000/60/CE (Directiva Marco da Auga).

A contribución da biomasa e do biogas á xeración de electricidade e calor debería orientarse preferentemente á recuperación da enerxía de determinados subprodutos agrícolas e gandeiros no ámbito local e doméstico. Con todo, aproveitamento da biomasa non debería ter como primeiro obxectivo a produción de enerxía senón o reciclado dos materiais (compostaxe) para permitir incorporación dos seus compoñentes aos ciclos naturais do carbono e do nitróxeno.

Sobre os biocombustíbeis, deberíase excluír a implantación de cultivos enerxéticos en Galiza, primando a produción a partires do reciclado de materiais locais (subprodutos forestais, aceites usados...)

Sobre a enerxía solar, particularmente a solar fotovoltaica, non se debería permitir a implantación de grandes instalacións de produción industrial sen contar cunha planificación previa (Plano Sectorial), que garanta o interese social e a sustentabilidade ambiental dos proxectos e deterre a especulación, como ocorreu no caso da enerxía eólica. Neste senso, deberíase excluír de calqueira aproveitamento solar industrial os espazos protexidos e os contornos de alto valor paisaxístico ou patrimonial.

O presente Plano Enerxético debería incluír tamén un plano de fomento da enerxía solar (térmica e fotovoltaica) a nivel doméstico, con obxectivos cuantificados e temporalizados e debidamente orzamentado, xa que a actual dotación económica que o INEGA e o IDEA dispón para este concepto resulta claramente insuficiente dada a crecente demanda social destes sistemas e as condicións que establece o novo Código Técnico da Edificación.

Determinadas zonas do noso país teñen tamén un alto potencial xeotérmico que sería preciso cuantificar para facilitar o seu aproveitamento en instalacións domésticas e outras a pequena escala (edificios públicos), orientadas preferentemente á xeración de calor.

## **6. Aforro enerxético**

O aforro enerxético e a contención da demanda ten que ser un dos eixos principais deste Plano, renunciando aos obxectivos produtistas. Xa que logo, deberíase dotar dun Plano Sectorial propio con orzamento, temporalización e instrumentos de control periódicos para verificar o cumprimento do obxectivo de reducir a taxa de incremento da demanda anual de enerxía do 3% ao 2%, no horizonte de 2012. Este plano de aforro debería estar orientado preferentemente a aqueles sectores económicos con maior demanda enerxética, alén das administracións públicas, e debería excluír a subvención directa. A Xunta de Galiza debería

poder intervir sobre a política tarifaria aplicada aos grandes consumidores industriais, moitos deles asociados á queima de recursos non renovábeis e altamente contaminantes, responsábeis de boa parte das emisións de GEIs de Galiza.

### **7. Implicación da sociedade**

A implicación da cidadanía é chave para virar cara a sustentabilidade o actual modelo enerxético. Por iso é preciso complementar o Plano Enerxético cun plano de divulgación social e educación ambiental acorde coa crecente co-responsabilización da cidadanía na xestión dos recursos naturais. Mais antes, é preciso que as institucións públicas de exemplo e desenvolvan medidas tendentes a millorar o aforro, a eficiencia e a suficiencia enerxética non só con actuacións directas (sobre a envolvente térmica, optimización de protocolos e automatismos, enerxías renovábeis), senón através dunha política de contratacións e concesións administrativas na que a sustentabilidade enerxética (através dunha análise do ciclo da vida ou da pegada ecolóxica) dos produtos e servizos adquiridos a terceiros sexa unha prioridade.

Por todo o anterior, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) solicita que se teñan en conta as suxestións ao documento presentado, de cara a introducir modificacións na proposta de novo Plano Enerxético de Galiza.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2008

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL**